




Plataforma en Defensa
SANIDADE PÚBLICA
Comarca de Monterrei

Esta Plataforma está para defender os intereses dos cidadáns pacientes-usuarios da Comarca, preocupados pola situación na que se atopa a Sanidade Pública na Área de saúde. Xa no ano 2012, defendemos a permanencia das Urgencias no centro de saúde de Verín, existentes nese intre e eliminadas pola Administración, trasladando as mesmas ó Hospital de Verín cos prexuízos derivados de dita decisión, aumentando os desprazamentos e tempos de esperas na atención dos doentes. Na actualidade a base das ambulancias do 061 permanecen a unha distancia longa do Hospital o que fai que moitas veces a ambulancia acuda o chamamento sen persoal sanitario, tendo que ir o mesmo por outros medios chegando mais tarde o destino.

No ano 2017 esta plataforma convocou unha manifestación que foi apoiada maioritariamente por toda a poboación para reclamar a implantación do servizo de HADO (Hospitalización a Domicilio), a NON eliminación do Servizo de Paliativos, a NON redución de efectivos do Servizo de Medicina Interna e a necesidade de dotación de pediatría hospitalaria.

Na actualidade a situación anterior segue a ser a mesma e se cabe é aínda máis preocupante. A poboación da comarca estamos a padecer unha situación precaria en canto ó desmantelamento do Servizo de Traumatoloxía, sufrindo derivacións a privada de Ourense, anulacións de citas en consultas externas e de intervencións cirúrxicas, levando todo isto a un aumento das listas de espera.

Esperas que tamén estamos a padecer en outras especialidades como nas probas Radiolóxicas, Rehabilitación, Neuroloxía, Dermatoloxía etc, tendo nalgún caso citas preferentes a cinco meses.

A poboación tamén esta a sufrir unha mala calidade na asistencia sanitaria debido o escasa ou inexistente cobertura de persoal tanto no Hospital coma na atención primaria, onde está a ser habitual a substitución do mesmo con medias xornadas ou días alternos.

Esta plataforma tamén ten constancia de que os recortes na compra de material esta a influír nunha peor asistencia, como é o caso da falta de colchóns antiescaras, grúas para a mobilización de doentes e outro material deteriorado polo uso e que non se repón.

Outra inqueda desta plataforma e a accesibilidade, nunha reunión mantida hai case un ano co actual xerente na que se transmitiu esta preocupación acadouse o seu compromiso de adaptar algunha habitación, accesos, prazas de aparcadoiro, etc. A día de hoxe seguimos agardando.

Fartos de todo isto e despois dun ano esperando solucións e non só estadísticas e verbas valeiras, faise necesario volver saír a rúa para loitar por unha

SANIDADE 100% PÚBLICA, DIGNA E DE CALIDADE
PORQUE NON SOMOS NÚMEROS, SOMOS PERSOAS

Agora mais que nunca e o momento de defender a nosa saúde.

MANIFÉSTATE

SÁBADO 24 DE MARZO AS 18:30

SAÍDA DENDE O HOSPITAL DE VERÍN.

Faremos unha ringleira do Hospital ata a Praza Maior para simular as nosas esperas